

# CONCELLO PLENO

## ACTA DE SESIÓN

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2007/13  
**CARACTER:** ORDINARIO

**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 17 de setembro de 2007.

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **17 de setembro de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO ,baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**  
D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**P.P.**

D.José Carlos Rodríguez Andina  
D. José Duarte Díaz  
Dona Begoña Sanjurjo Santar  
D.Jesús López Penabad

**PSG-PSOE**

D. Balbino E.Pérez Vacas.  
D. Carlos Pérez Méndez.  
Dona María José Rodríguez Arca

**U.P.R.I.**

D.Francisco Rivas Alvarez  
D.Agustín Reymondez Gancedo.

**Secretario Xeral:**

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

**Interventora:**

Dona Maria José Vázquez Rigueira.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

**2007/01/54.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 16 DE XULLO DE 2007.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borrador da acta correspondente á sesión de data 16 de xullo de 2007, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

**2007/02/55.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A NUMERO 150/2007 de 3 DE XULLO Á NÚM. 187/2007 DE 31 DE AGOSTO DE 2007**

Dada conta das resolucións epigrafiadas iniciase deliberación. O Sr.Rivas Alvarez , do Grupo Municipal de UPRI efectúa diversas preguntas á Alcaldía. En primeiro lugar respecto aos Decretos números 1060 de actuación de Pablo Seoane, por importe de 1.500 euros e 1056 por importe de 2.784 euros, mencionando que este último é polo equipo de sonido da actuación e case é o dobre do curso da propia actuación, e pregunta se non procedería adquirir un equipo de son xa que hai facturas por importe de 12.000 euros por estes conceptos e podería procederse a adquirir un equipo.

Intervén a Sra.Alvarez Lastra, Concelleira-Delegada de Cultura que manifesta que o que mais costa en Cultura non son os cachés, senon que cando se actúa fora do Auditorio , hai unhas condicionantes técnicas para a actuación dos Grupos e especificamente se é ao ar libre as condicións de actuación son moi estrictas e non actúan se non se cumpren, que se mandan nun contrato previo e que son de luz, son,etc.

O Sr.Rivas Alvarez reitera que lle chama a atención o custo dos equipos de son e de iluminación respecto ás actuacións.

De seguido o Sr.Rivas Alvarez pregunta polos Decretos núm. 1143 e 1144 correspondentes ás Xornadas de Patrimonio, e como teñen idéntica contía e un aparece como director e conferenciante das Xornadas de Patrimonio e outra persoa como conferenciante.

O Sr.Suárez Barcia resposta que son as dúas persoas directores do Curso de Patrimonio dende hai anos, e que isto xa se viña producindo en gobernos anteriores da época do P.P.

O Sr.Rivas Alvarez pregunta se polo tanto son dous directores para dirixir as xornadas, respondéndoselle que sí pola Sra.Concelleira Delegada e que se basea nun convenio.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez pregunta polo Decreto número 858 por importe de 3.000 euros e 973 por importe de 1.000 euros correspondentes á representación no Auditorio de Bastiana e Bastiana, sendo o 973 correspondente á produción técnica da mesma actuación.

Por parte da Concelleira Delegada manifestase que correspondeu a esa ópera, ó caché e a composición técnica , cámara negra,etc. e o Sr.Rivas Alvarez pregunta se estivo o Auditorio cheo , respostándose pola Concelleira Delegada que respecto ao que se dí de que parece que Cultura despilfarra non é certo , e os nenos dos Centros educativos tiveron a opción de ir a

unha ópera que estivo chea durante a sesión da mañá e á noite estiveron unhas 160 persoas, e que foi a primeira vez en Ribadeo e A Mariña.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que lle chama a atención a portentaxe de gasto dos Decretos que dende o 33 ao 100 por cento dos mesmos son gastos da Concellería de Cultura e fai referencia ao Decreto de 12 de xullo que son 68.536 euros e do mesmo, 22 facturas de Cultura , que son 25.000 euros, son de Cultura un pouco menos do 50 % se se descarta o custo de tratamento de RSU e que lle chama a atención.

Por parte da Sra.Concelleira manifestase que o Concello de Ribadeo forma parte da rede de teatro do IGAEM, no que se aporta por cada parte o 50 % e que esta participación ven da época do Partido Popular e hai unha calidade nas actuacións polo que son Convenios existentes que non se inventan.

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que se participa dende fai 12 anos, e pola Sra.Concelleira Delegada se dí que é a única posibilidade de ter estas actividades que ven estipulada de antes.

O Sr.Rivas Alvarez pregunta pola licenza do Circo Roma xa que si está a de Roddy Aragón e considera que debe procederse ao cumprimento do disposto na Ordenanza de Medio Ambiente que parece que non opera para estas actividades, e propón que se faga constar nos Decretos.

A Corporación dase por enterada das anteriores Resolucións da Alcaldía.

#### **2007/03/56 DESIGNACIÓN DE CONCELLOS REPRESENTANTES NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 13 de setembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:

Pola Alcaldía-Presidencia á vista da comunicación da Xerencia Territorial do Catastro na que se interesa a designación de tres municipios aos que o Concello de Ribadeo outorga o voto para que lle representen no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria proponse ao Pleno municipal a designación como representantes dos Concellos de Monforte de Lemos, Ribadeo e Mondoñedo.”

Por parte do Sr.Duarte Díaz se sinala que o Grupo municipal popular propón que os representantes sexan os Concellos de Xermade, Guntín e Outeiro de Rei.

O representante do Grupo Municipal de UPRI manifesta que se reservan para o Pleno.

Pasada a votación a proposta da Alcaldía obtén dous votos a favor (dos membros do Grupo municipal do BNG), dous en contra (dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular) e tres abstencións (dos membros dos Grupos municipais Socialista e UPRI).

Toda vez que se produce empate é resolto polo voto de calidade da Alcaldía, polo que a proposta da Alcaldía queda elevada a ditame da Comisión informativa.

Por parte do Sr.Duarte Díaz se manifesta que o Grupo Municipal Popular plantexará a súa proposta diante do Pleno municipal.”

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que a súa proposta é que a representación sexa dos Concellos de Ribadeo, Barreiros e Foz e que quere explicar o porqué; que en primeiro lugar Ribadeo e en segundo lugar Barreiros porque

alí está a planta de transferencia de RSU e o parque de bombeiros e respecto a Foz porque é outro Concello de A Mariña para que teña o peso que merece a zona.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que sinala que non se manifestou con anterioridade e que hai que tratar de chegar a un consenso e considera que vale a proposta de UPRI polo que acaba de manifestar e que os tres Concellos representan a pluralidade democrática e que lle parece acertado pero tamén que se consensúe.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular faise referencia á proposta que fixo ese Grupo en Comisión pero manifesta que ten que facer unha aclaración e que é unha elección provincial e agás que se considere eso as propostas so valen como brindis ao sol , e que en caso de consenso propoñen retirala se na terna se incorpora Xermade, e logo poden ser os que se consesúen.

Deliberase na sesión entre os diferentes Grupos Políticos propoñéndose pola Alcadia que figuren Monforte ou Mondoñedo.

O Sr.Rodríguez Andina insiste en que é un tema de Partido que resulte e que haxa representatividade.

Por parte do Sr.Alcalde diante da postura dos diferentes Grupos sintetízanse as mesmas.

Tras deliberación polos Grupos Políticos da Corporación chégase ao criterio unánime de que a representación sexa ostentada polos Concellos de Ribadeo, Xermade e Monforte, segundo a proposta que efectúa a Alcaldía, suprimíndose Mondoñedo e incluíndose Ribadeo.

De seguido polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, á vista da da comunicación da Xerencia Territorial do Catastro na que se interesa a designación de tres municipios para formar parte do Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Lugo, acórdase:

1º. Designar como candidatos a representantes de Concellos de poboación inferior a 20.000 habitantes no Consello Territorial da Propiedade Imobilairia de Lugo aos Concellos de Ribadeo, Xermade e Monforte.

2º. A expedición de certificación acreditativa deste acordo e a súa remisión á Delegación de Economía e Facenda en Lugo.

#### **2007/04/57 SOLICITUDE DE ABOAMENTO DA ANUALIDADE 2007 DA ARI DE RIBADEO SEGUNDO ESCRITO DE 23 DE XULLO DE 2007.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 13 de setembro actual que se transcribe literalmente:

“Dase conta do escrito da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda en relación a outro deste Concello polo que se solicitou pola Alcadia o aboamento da anualidade de 2007 en materia de areas de rehabilitación con cargo á Consellería de Vivenda e Solo no que se significa que para proceder á tramitación do pagamento ten que decidilo o Concello e é necesario que se remita certificado de Secretaría da solicitude debendo ser tomado o acordo polo mesmo órgano de goberno que aprobou o inicio das actuacións.

Pola Comisión Informativa, por unanimidade, en votación ordinaria se acorda dictaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a adopción dun acordó de petición de abono da anualidade 2007 en materia de Areas de Rehabilitación con cargo á Consellería de Vivenda e Solo , segundo o disposto no punto 5º do acordo da Comisión bilateral de 23 de abril de 2007.”

Polo Pleno municipal sen deliberación por unanimidade en votación ordinaria se acorda:

1º. A petición de aboamento da anualidade 2007 en materia de Areas de Rehabilitación con cargo á Consellería de Vivenda e Solo , segundo o disposto no punto 5º do acordo da Comisión bilateral de 23 de abril de 2007.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **2007/05/58 DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DE BENESTAR.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 13 de setembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dase conta pola Alcaldía da Proposta sobre o asunto epigrafiado que dí textualmente:

“Pola Alcaldía-Presidentencia á vista do disposto nos artigos 10 e 11 dos vixentes Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar e correspondendo a designación dun representante do Concello de Ribadeo e sendo o período de duración dos cargos coincidente co do seu mandato nas Corporacións Locais , debendose proceder polo tanto á designación do representante entre os seus membros Corporativos

PROPONSE ao Pleno Municipal a designación de D.Fernando Suárez Barcia, Alcalde-Presidente, como representante do Concello nos órganos rectores do Consorcio e como suplente ao Primeiro Tenente de Alcalde Dona Marí Luz Alvarez Lastra.

Pola Comisión Informativa, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma para a adopción do acordo plenario correspondente.”

Polo Pleno municipal sen deliberación por unanimidade en votación ordinaria se acorda:

1º. Designar como representantes do Concello no órgano rector do Consorcio Galego de Servizos Sociais a D.Fernando Suárez Barcia e como suplente á primeira Tenente de Alcalde dona Maria Luz Alvarez Lastra.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidentencia para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

#### **2007/06/59 PETICIÓN DE CESIÓN AO MINISTERIO DE FOMENTO DE TRAMO DA ROTONDA DO VOAR Á DE DOMPIÑOR-VILAR (PIÑEIRA).**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 13 de setembro actual que se transcribe:

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidentencia, considerando o disposto na Orde de 23 de xullo de 2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da rede de estradas do Estado e o disposto así mesmo na Orde 3426/2005, de 27 de outubro de 2005 do Ministerio de Fomento (BOE de 4 de novembro de 2005) sobre o mesmo asunto.

Considerando, o establecido nos artigos 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo das Estradas e o artigo 127 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.

Visto que o tramo da Estrada Nacional N-634 que se desenvolve por tarmos que teñen xa un carácter urbano nos que se atopan implantadas a maioría das empresas de servizos e do sector terciario en xeral coexistindo con vivendas unifamiliar na zona comprendida entre a rotonda do Voar e a rotonda de enlace coa circunvalación na zona de Dompíñor-Vilar-Piñeira (Ribadeo), e ante a entrada en servizo fai unhos meses tanto da Autovía como da Estrada de Circunvalación, pasou a adquirir dun xeito pleno o carácter de vía urbana, circulando o tráfico pesado e o tráfico con destino a Vegadeo pola referida Circunvalación, e convertíndose nunha arteria máis do tecido urbano ou conurbano.

Pola Alcaldía propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, nas condicións da normativa mencionada a transferencia de titularidade dos tramos da Estrada Nacional N-634 na zona comprendida entre a rotonda do Voar e a rotonda de enlace coa circunvalación na zona de Dompíñor-Vilar-Piñeira (Ribadeo), por ter adquirido a condición de vía urbana e ser de carácter eminentemente urbano o tráfico que circula pola mesma, tanto para o servizo da Vila de Ribadeo propiamente dita como da área de servizo adxacente.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para asinar o Convenio e as demais actuacións previstas no apartado 3º da mencionada Orde, facultando así mesmo para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

3º.- A notificación e expedición de certificación acreditativa deste acordo ó Ministerio de Fomento.”

Por parte da Alcaldía efectúase unha explicación da petición significando que xa se tiña previsto con anterioridade pero que formaba parte dunha proposta na que figuraba tamén outro tramo que logo apareceu nunha proposta de acordo plenario do Partido Popular, e que non chegou a someterse definitivamente a acordo plenario este asunto.

Asimesmo pola Alcaldía faise referencia a que a asunción da competencia municipal sobre o viario é relevante para a xestión urbanística e de tráfico do mesmo.

Pola Comisión Informativa, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma para a adopción do acordo plenario correspondente.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación, acórdase:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, nas condicións da normativa mencionada a transferencia de titularidade dos tramos da Estrada Nacional N-634 na zona comprendida entre a rotonda do Voar e a rotonda de enlace coa circunvalación na zona de Dompíñor-Vilar-Piñeira (Ribadeo), por ter adquirido a condición de vía urbana e ser de carácter eminentemente urbano o tráfico que circula pola mesma, tanto para o servizo da Vila de Ribadeo propiamente dita como da área de servizo adxacente.

2º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para asinar o Convenio e as demais actuacións previstas no apartado 3º da mencionada Orde, facultando así mesmo para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

3º.- A notificación e expedición de certificación acreditativa deste acordo ó Ministerio de Fomento.”

#### **2007/07/60 ACORDO DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2008.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia sobre este asunto que textualmente dí:

Pola Alcaldía-Presidencia á vista da comunicación da Delegación Provincial da Consellería de Traballo pola que se interesa a fixación dos dous festivos locais para o ano 2008

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción do acordo seguinte:

A fixación como Festas Locais para o ano 2008, das seguintes:

Martes de Carnaval, 5 de febreiro de 2008

Patrona de Ribadeo, Santa María do Campo, luns 8 de setembro de 2008.

Iniciase deliberación sobre a idoneidade ou non dos días propostos e sobre a coincidencia do día de San Roque co-patrono da Vila que no ano 2008 será sábado.

Tras da deliberación referida na que se manifestan diversas opcións, pola Comisión informativa, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma para a adopción do acordo plenario correspondente.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación acórdase:

1º. Fixar como festas locais para o ano 2008 as seguintes:

Martes de Carnaval, 5 de febreiro de 2008.

Patrona de Ribadeo, Santa María do Campo, Luns 8 de setembro de 2008.

2º. A remisión de certificación do presente acordo á Delegación Provincial da Consellería de Traballo aos efectos procedentes.

#### **2007/08/61 PROPOSTA DA ALCALDIA DE DETERMINACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE RIBADEO.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de Asuntos e Servizos Xerais de 13 de setembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía-Presidencia sobre este asunto que textualmente dí:

En relación coa determinación do cadro de persoal eventual do Concello de Ribadeo, de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 250 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. O número, denominación e retribución do persoal eventual do Concello de Ribadeo será o seguinte:

Número	Denominación e categoría	Retribución mensual	Adicación
1	Secretario/a particular da Alcaldía. Categoría: Administrativo	2.170,77 Euros, incluídos todos os conceptos	Exclusiva

2º. As retribucións do persoal eventual se devengarán dende o momento de aceptación do cargo pola persoa nomeada, e se incrementarán anualmente de xeito automático co IPC,

séndolle de aplicación asimesmo as prestacións complementarias de que gocen os empregados públicos do Concello de acordo co Convenio Colectivo.

3º. O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.”

Por Intervención infórmase da imputación presupostaria de aplicación

Por parte do Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular se pregunta á Alcaldía se pode dicir quen é a persoa que ten prevista para o posto.

O Sr.Alcalde explica que vai nomear a dona María Pérez Mon e que lle parece adecuada pola necesidade que existe do posto e porque lle parece unha persoa axeitada, pola súa capacidade técnica.

Toda vez polo Sr.Duarte Díaz se pregunta sobre si o Pleno pode nomear ou revocar á persoa tanto por Intervención como por Secretaría se informa que a creación da plaza é de competencia plenaria pero o nomeamento e cese é competencia da Alcaldía.Toda vez que se formulan preguntas sobre o particular informase que a competencia do Pleno é respecto á creación ou supresión da praza pero non sobre o nomeamento ou cese da persoa que se designe que é competencia da Alcaldía segundo o disposto na Lei.

De seguido o Sr.Duarte Díaz anuncia o voto favorable do Partido Popular na Comisión á proposta da Alcaldía.

Polo representante de UPRI manifestase que vai reservarse para o Pleno municipal con independencia de quen sexa a persoa que se designe.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros dos Grupos municipais BNG e PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PSOE e UPRI) dictamínase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez que sinala que están a falar dunha praza e non dunha persoa; e que a situación económica do Concello non é a mais idónea , e que é unha facultade da Alcaldía para o funcionamento da Alcaldía contratar persoal da súa confianza, e é bó e positivo dispor que sexa unha persoa que lle leve a axenda, pero que fai dous ou tres meses que se lle deu unha adicación exclusiva , e agora pide que se lle asigne un secretario ou secretaria e non quere suponer que dentro dunhos meses pida un par de asesores e hai que poñerlle límites, e que hai un termo medio. Prosegue manifestando que o gasto que se vai facer non corresponde co que se pide realmente ao Concello e co que se lle pide polos veciños e que polo que poido sondear hoxe a xente é bastante reacia , e xa está con adicación exclusiva, e o persoal das oficinas é cualificado , leal e hai profesionais dabondo para ir tirando e o cree dabondo mentres non se mellore, e que o Grupo de UPRI non vai votar en contra para que sexan os veciños quenes se manifesten e vansen abster e creen que a situación económica non aconsella a contratación.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas do Grupo Socialista que dí que sendo unha das facultades da Alcaldía unicamente quere facer a pregunta de se a partida presupostaria vai en detrimento da masa salarial que vai poñer na Mesa de Negociación cos Sindicatos.

Contesta o Sr.Castro Reigosa, como concelleiro-Delegado de Economía e Facenda que manifesta que a partida presupostaria con cargo á que vai a parte correspondente deste ano é dun sobranse que queda das dedicacións exclusivas do pasado mandato do Alcalde e Tenente de Alcalde.



O Sr. Pérez Vacas repregunta se esa partida non se ía destinar aos Grupos Políticos, e o Sr. Castro Reigosa lle contesta que hai suficiente partida de sobra para os Grupos e que non vai en detrimento da masa salarial.

O Sr. Pérez Vacas pregunta ao Sr. Reigosa que se a súa resposta é que non vai en detrimento da masa salarial da Mesa de Negociación, extremo que confirma o Sr. Castro Reigosa reiterando que non vai en detrimento da masa salarial de ninguén.

O Sr. Pérez Vacas anuncia a abstención do Grupo Municipal Socialista.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Popular que dí que van a votar a favor pero que o vai explicar, e que o fácil é o de algúns que botan os bois diante e logo non van en contra, só se absteñen, e que en primeiro lugar non entenden que haxa un incremento de gasto e en segundo lugar que non entenden que sexa un exceso de incremento de gasto e en terceiro lugar que o que lles parece é que terán que esixirlle ao goberno municipal que en base a esa colaboración a maiores que van ter, ten que mostrar resultados, e iso sí llo van a esixir, que van ir ollando e controlando que efectivamente eso libera ao Alcalde ao mellor de determinados temas de traballo máis rutinario, de control da axenda, de teléfono, que llo leva alguén pero ten que dar un rendemento.

Prosegue manifestando o Sr. Rodríguez Andina que por último seguen dicindo que a oposición do Grupo Popular é absolutamente constructiva e que o goberno ten que funcionar e controlar que funcione, e que o goberno de Ribadeo ten catro Concelleiros e polo tanto non é como se lles pedirán outras cousas, pero que como non pasa como na Deputación, onde por certo goberna o PSOE e se adscribiron 30 persoas de libre disposición, e xente para a prensa, e ademais despachos para todo o mundo, adicacións exclusivas, un montón de parciais, e o que se pide aquí é unha persoa que xa está traballando e que ten unha ventaxa e ten que dicilo claramente, que traballaou co goberno do Concelleiro no uso da palabra, e que traballou co do PSOE e traballará co do BNG, e nese sentido probablemente fora unha elección bastante equilibrada nun sentido de non andar buscando a unha persoa dun sentido ideolóxico determinado, e que polo exposto e porque considera que hai que deixalos traballar (en referencia ao goberno do BNG), e hai que esixirlles que traballen, é polo que van votar a favor.

Intervén o Sr. Castro Reigosa que dí que respecto ás referencias do Sr. Rivas Alvarez sobre o aumento de gasto, non o supón, e que esa persoa estivo traballando e se renovaron contratos, e ás veces subvencionados e que se conta coa partida presupostaria de este ano, prorrogada.

Que non se trata de despilfarro nin de gasto ostentoso, e que o dí pola referencia do Sr. Rivas Alvarez á xente de Ribadeo, e que esa praza vai destinada á xente de Ribadeo, ás persoas que están agardando diante da porta da Alcaldía ata unha hora, e ás veces simplemente para que lles tomen nota dunha reclamación ou unha queixa de calquera tipo, esa persoa pode levar nota deso, atender a esa xente e facer máis fluída a atención e efectiva a vida municipal respecto a atender aos veciños e ás súas queixas e tratar de solucionarlas.

Intervén o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista de novo, sinalando que quere dicir ao Sr. Concelleiro Delegado que partida presupostaria non hai para isto, e que se vai a utilizar a partida presupostaria para adicacións exclusivas, pero para iso é imposible que haxa xa que é un posto de traballo novo e non hai partida para secretario ou secretaria do Alcalde, e sácase doutras de adicacións exclusivas simplemente.

Deliberase sobre o particular da existencia de partida ou non entre o Sr. Pérez Vacas e o Sr. Castro Reigosa reiterándose o expostos por ambos anteriormente.

Intervén o Sr. Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que dí que entende que é un incremento de gasto, que se saca da partida para pagarlle a unha persoa ese diñeiro, e non pode ir para outro lado ese gasto, que non quere falar da persoa, senon da praza, e que lle

pode parecer eficiente, pero non considera que sexa o momento , e que habería que pedir resultados, e que o Grupo de UPRI está para sumar e por iso non votan en contra.

Intervén o Sr.Alcalde para rematar o debate manifestando que é unha cuestión que o goberno municipal lle parece necesario e positivo para os veciños de Ribadeo e é absolutamente técnica, e que o Alcalde non precisa asesores políticos, e o Alcalde xa é político ou en todo caso exerce unha temporada de político como tal, e para eso xa están os compañeiros de Corporación que o axudan na acción política , e reitera que é unha cuestión absolutamente técnica de atención aos veciños.

Pasada a votación o Ditame da Comisión Informativa polo Pleno Municipal por oito votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do Partido Popular) e cinco abstencions (dos membros dos Grupos Municipais do PSG-PSOE e UPRI) acordase:

1º. O número , denominación e retribución do persoal eventual do Concello de Ribadeo será o seguinte:

Número	Denominación e categoría	Retribución mensual	Adicación
1	Secretario/a particular da Alcaldía. Categoría: Administrativo	2.170,77 Euros,incluídos todos os conceptos	Exclusiva

2º. As retribucións do persoal eventual se devengarán dende o momento de aceptación do cargo pola persoa nomeada, e se incrementarán anualmente de xeito automático co IPC, séndolle de aplicación asimismo as prestacións complementarias de que gocen os empregados públicos do Concello de acordo co Convenio Colectivo.

3º. O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello.”

#### **2007/09/62 CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2006.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 13 de setembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Dase conta á Comisión da Conta Xeral do Presuposto do exercicio 2006 indicándose que na anterior sesión desta Comisión Informativa fora ditaminada favorablemente e de que exposta ao público polo período regulamentario non se formulou ningunha reclamación ou alegación á mesma.

A Comisión, por seis votos a favor (dous dos membros do BNG , dous dos membros do Grupo Municipal do PP e dous dos membros do Grupo PSOE) e unha abstención (do mebro do Grupo Municipal de UPRI), acorda ditaminar favorablemente a Conta Xeral de 2006 elevandoa ao Pleno para a súa aprobación, e seguindo a restante tramitación esixida pola normativa vixente.”

Visto que foi obxecto de ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Contas de data 12 de xullo de 2007 e sometida a exposición ao público mediante anuncio no BOP núm. 173 de 28 de xullo de 2007 tendo transcurrido o prazo sen que se formularan reclamacións, reparos ou observacións.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI manifesta que se van abster xa que non formaban parte da Corporación.

Polo Pleno municipal sen promoverse deliberación , de conformidade co Ditame da Comisión Informativa por once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, do PP e do PSG-PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal UPRI), acórdase:

1º. A aprobación da Conta Xeral do exercicio de 2006, formada pola Intervencion Municipal.

2º. Dar traslado da mesmao Consello de Contas.

### **2007/10/63 DACIÓN DE CONTA DE ACORDOS DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE DE 3 DE AGOSTO DE 2007.**

De conformidade co acordado na Xunta Local de Seguridade de 3 de agosto de 2007 dase conta ao Pleno Municipal dos seguintes asuntos:

-Acordo de colabouración entre o Ministerio do Interior e o Concello de Ribadeo en materia de seguridade ( actualización).

-Protocolo de colabouración e coordinación entre as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e da Policía Local para a protección de vítimas de violencia de xénero (actualización)

-Acordo de posta en marcha do Plan Local de Seguridade.

A Corporación dase por enterada do contido dos referidos acordos.

Incidentalmente promóvese deliberación sobre a ordenación de tráfico nos accesos de entrada e saída da Praia de As Catedrais que foi asimesmo tratado na referida Xunta Local de Seguridade.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que pide que cando se volte a tomar unha medida destas se estudie previamente pola Garda Civil ou por quen sexa pero non se pode o 3 de agosto dicir todos por aquí porque se montou unha peor da que había e non se pode improvisar sobre a marcha e encima afectouse a outro Concello.

O Sr.Alcalde replica que aínda que houbo cambio de goberno non vai xustificarse niso pero poido influir, o Alcalde non estivo todo o tempo aquí, e foi unha proposta da Garda Civil de Tráfico de Lugo; que dende hai anos había queixas fundadas e fundamentadas, e que tiñan que tomarse medidas para evitar o colapso e que nesas datas non daba tempo e non había outras alternativas, que lle consta que inicialmente o Capitán da Garda Civil de Tráfico dicía que o Concello de Barreiros non poñía problema, e logo coñece o que saíu nos medios de comunicación; que entende que non debe ser así e que hai probas do que debe facerse.

Intervén de novo o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular que reitera que se medite antes, e que se era malo antes, logo foi peor, e que saír en Casa Amadora en Reinante, por rampa é o peor sitio , e pide que se busque o que queira pero a saída en rampa non é unha boa solución para a Estrada xeral, é a peor con moitísima diferenza, respecto á calquera outra opción.

Inrtervén tamén o Sr.López Penabad que pide que se garanta o acceso a residentes manifestando que ten un chalé e non pode entrar, pero se delibera sobre o asunto e se lle contesta que esa parte é do Concello de Barreiros.

Prosegue a deliberación intervindo varios Concelleiros e preguntándose na sesión se eso vai quedar así e se delibera sobre a cuestión. O Sr.Rivas Alvarez dí que segue o sinal de prohibición.

Intervén tamén o Sr.Cupeiro Rodríguez que manifesta que o tempo se botaba enriba e que o lóxico é poñerse en mans dun técnico do mesmo xeito que ás veces pasa en economía e as

cousas ás veces saen do revés, unha veces ben e outras mal e intentan facelo pensando en que saíra ben.

A Corporación dase por enterada dos acordos da Xunta Local de Seguridade.

### **2007/11/64 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI RELATIVA Á PRAIA DE AS CATEDRAIS.**

Procédese por parte do Sr.Rivas Alvarez á lectura da Moción epigrafiada que se transcribe de seguido:

“MOCIÓN, que presenta o Grupo UPRI (Unión del Pueblo Ribadense-Unión do Pobo Ribadense), para someter á consideración e aprobación, no seu caso, do Pleno da Corporación.

Antecedentes:

A Praia das Catedrais ven sufrindo nos periodos vacacionais pero sobretudo na época estival, ano tras ano, atascos e colas no tráfico rodado, que se fan interminables e que sufren tódolos que nos visitan ao igual cos propios veciños de Ribadeo.

O pasado venres reuniuse en Ribadeo a Xunta Local de Seguridade e acordou solicitar a regulación do tráfico nos accesos a Praia mediante sinalizacións de sentido único.

A Praia das Catedrais, pasa na actualidade por ser unha das máis coñecidas pola súa beleza e singularidade non só en Galicia, senón tamén en todo o territorio nacional; sendo ademáis un símbolo promocional tanto de Galicia en xeral como da Mariña Lucense en particular.

A Praia está englobada na Rede Natura 2000 e foi declarada recentemente Monumento Natural. A Praia da que estamos a falar xunto coa dos Castros foron galardoadas pola Fundación ADEAC coa bandeira azul sendo as dúas únicas praias do Concello que posúen dita distinción.

Solicitamos:

Que por parte do pertinente acordo adoptado polo Pleno da Corporación dirixirse á Excmá Deputación Provincial de Lugo titular dos accesos para que:

1º.- Se solucionen de forma definitiva os problemas con os accesos á mencionada Praia continuando coa construción iniciada xa fai anos pola propia Deputación Provincial ata a mesma Praia das Catedrais e se acometa así mesmo a conexión coa Praia dos Castros, coa mesma anchura de calzada, e construción da beirarúa polo súa marxe marítima suficientemente ampla para peóns e bicicletas.

2º.- Que se proceda a ampliar e adecentar os aparcadoiros existentes na actualidade, a todas luces insuficientes.

3º.-Que nos presupostos do vindeiro ano 2008 da Excmá. Deputación Provincial se consigne partida presupostaria suficiente para acometer as devanditas obras.”

Por parte do Sr.Concelleiro portavoz do Grupo proponente efectúadase unha explicación sobre a “T” da Praia de As Catedrais como un recurso turístico propio conectando cos Castros e non desviando o tráfico cara a outro Concello e pensa que tanto a Praia como o Concello o merecen.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas do Grupo municipal Socialista que di que van apoiar a Moción, pero que máis que recabar partida presupostaria municipal, é retomar un antigo proxecto que xa había da Deputación Provincial, e que lle corrixa senon o portavoz do PP , para a mellora non so dos viarios senon para a construción nesa zona dun aparcamento que dotaría e melloraría os servizos dende o punto de vista turístico que ofrece ou que debe ofrecer como Concello desa Praia , pero que non so cree se debe recabar o apoio da Deputación Provincial senon da Dirección Xeral de Costas que tiña un proxecto de ampliación e mellora e construción de aparcamentos nesa zona e que polo tanto apoiarán a Moción.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular efectúase unha intervención na que manifesta que o seu Grupo non vai apoiar esta Moción , e que se vai a explicar, porque lle parece que nesta Moción se pretende aproveitar un traballo xa feito para que logo dentro dunhos meses , se aparecen as máquinas alguén se apunte o tanto de que por iso están ahí ; que como dicía o portavoz do PSOE fai un momento hai un proxecto que non se poido levar adiante dun aparcamento , porque non se iniciaron as obras, doutro proxecto que xa está redactado pola Deputación Provincial, e consiste na conexión do acceso que xa fixo a Deputación Provincial coa Praia de Os Castros , cunha rotonda na intersección , cunha rotonda no cambio de rasante, e cun paso elevado ou se se prefere doutro xeito, paso soterrado para os peóns que queiran ir dende o posible futuro aparcamento á Praia de Os Castros, por tanto eso está ahí e o que sucedeu é que hai un cambio entón o goberno novo estará analizando os investimentos , pero ese é un proxecto feito xa e rematado na Deputación Provincial , e en contacto ademáis coa Dirección Xeral de Costas e lle alegra que o portavoz do PSOE o dixera porque así o saben dende fai anos; e que xa está, e que polo tanto se diga dende o goberno á Deputación Provincial e Costas que eses proxectos que teñen que os fagan , pero que vir ao Pleno como a resolver algo que non é un problema , pero que non resolve nada porque xa están feitos os proxectos o Grupo Popular lle parece que non vai entrar nesas dinámicas porque senon se poden apuntar sempre e moitos a moitas cousas e reitera que non van a entrar neso.

Volta a intervir o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que non quixera entrar en matices de fondo político, e que realmente se son coñecedores nesta Corporación, e o é, da existencia desas iniciativas desas Administracións e a existencia dos proxectos, cree que implica dende o punto de vista do Grupo Socialista que apoiar esa moción redundaría cun acordo plenario, de demandarlle a eses organismos que acometan iso; que despois o de colgarse medallas, á cidadanía e aos que lles visitan o que lles importa é que se retomen eses proxectos, e se executen , sexa por iniciativa de UPRI ou doutros é secundario. E dende o punto de vista do Grupo Socialista será un reforzamento o acordo plenario para recabar deses órganos a realización das obras , sobre todo polo que representa ter os proxectos realizados.

Volta a intervir o Sr.Concelleiro propoñente da Mocion que dí que non sabe a postura da Alcaldía, que entende que haberá proxectos, pero hai un problema dende fai tempo e hai que pedir que se executen as obras; que non haberá que comezar polo principio pero se hai dous proxectos, haberá que pedir que se axilicen e que non durman o sono dos xustos, como moitos máis.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular que dí que hai que coñecer as cousas , que senon é complicado, e que se non recorda mal o proxecto de estrada ten consignación na Deputación Provincial e se non recorda mal e senon que lle corrixa o anterior Alcalde , o proxecto de aparcamento non era un proxecto público, senon privado, e o que presentaba o proxecto non era que estivera agardando a que llo pedirán, senon desexando que lle deixaran , e polo tanto van poñer as cousas no seu sitio e xusto termo para que se saiba do que están a falar.

Efectúa unha intervención o Sr.Alcalde que dí que a opinión do Grupo municipal de goberno é que, efectivamente cree que é redundante que agora se vaia aprobar algo que xa está aprobado e consignado e efectivamente como se dixo aquí , tampouco miraron a cor política e o proxecto da Deputación Provincial foi aprobado o 25 de maio de 2007.

Intervén o Sr.Pérez Vacas que dí que non, que é imposible, que xa estaba de antes; o Sr.Rodríguez Andina pregunta que porqué non se poido aprobar e resposta ao Sr.Pérez Vacas que se aprobou a consignación.

Retoma a súa intervención o Sr.Alcalde explicando que chamou á Deputación á mañá e que na sesión ordinaria de 25 de maio de 2007 se adoptou o acordo de licitación que procede a ler.

O Sr.Pérez Vacas dí que non o sabía.

Prosegue a intervención do Sr.Alcalde que dí que non teñen ningún problema se non vai adiante o acordo en reivindicalo, pero cree que hai que dar tempo e cree que aínda deben estar rematando os procedementos coas exposicións públicas, que deben rematar esta semana e porque aproben unha Moción será redundante e non vai significar nada; que no Pleno todos son políticos e que non serve iso de que máis da; que para a estrada é isto, e que respecto aos aparcamentos como dicía o portavoz do Partido Popular había unha iniciativa privada que no seu momento se verá se se chega a someter.

Voltar intervir o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que aparte da iniciativa privada hai unha da Dirección Xeral de Costas con ese privado adquirindo os terreos ; e o Concello tería que poñer a disposición da Dirección Xeral de Costas os terreos porque alí se ubicaba o aparcamento e o denominado, por acabar pronto, Centro de Interpretación da Natureza.

O Sr.Alcalde dí que a Alcaldía non lle consta nada diso agás verbalmente e por terceiros e ata que non o vexa en papeis; e como están ademais en minoría xa falarán con todos e irán arranxando; que noutro aspecto, o dos aparcamentos, levan tempo traballando e dentro de pouco se verán os resultados, en todo caso cando menos para a próxima temporada estival, e polo tanto entendendo a boa fe da proosta é unha redundancia e como non son inocentes non a van aprobar aínda que agardan que se execute pronto por parte da Deputación e se resolva o problema, e estarán atentos.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez sinalase que a UPRI presentou a Moción entendendo en primeiro lugar que hai un problema, que non é de agora, senon dende que se fixeron os primeiros accesos á Praia; que non piden que o Concello aporte diñeiro, que hai que actuar non so para o tramo dos Castros senon para os aparcamentos que falan de ampliar e que dada a situación non se pode seguir agardando a ver que pasa, e a ver se hai sorte e se empezan as obras, e que a UPRI non vai retirar a Moción.

Por parte do Sr.Alcalde conclúese o debate sinalando que a esencia disto é que é redundante, e como se agora hai unha Moción argumentando que comecen as obras do Parque, que están xa licitadas e que van comezar e aínda que non haxa ningunha mala fe en todo isto.

Pasada a votación a Moción obtén cinco votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais de UPRI e do PSG-PSOE) e oito votos en contra (dos membros dos Grupos Municipais de BNG e PP), non quedando polo tanto aprobada a mesma.

#### **2007/12/65 ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA.**

#### **ADOPCION DE ACORDO PLENARIO POR RAZONS DE URXENCIA E INTERESE PUBLICO DE LICITACION DAS OBRAS DA RÚA RAMON GONZÁLEZ.**

Dase conta do criterio favorable, por unanimidade, da Xunta de Portavoces do Concello de data 13 de setembro de 2007 que figura no expediente.

De seguido polo Pleno Municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación se acorda a apreciación da urxencia e a inclusión do asunto na Orde do día.

A continuación vista a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia, visto o criterio unánime da Xunta de Portavoces dos Grupos Políticos do Concello de 13 de setembro de 2007 e visto o escrito recibido da Consellería de Industria e Comercio o día 12 de setembro por telefax no que se fai referencia a que se está a tramitar un convenio de colaboración para a subvención das actuacións solicitadas por este Concello á Consellería de Innovación e Industria que son o Acondicionamento interior da Praza de Abastos cun investimento de 32.613 euros e unha subvención de 22.829 euros da

Consellería de Industria e o Acondicionamento da Rúa Ramón González cun investimento de 146.000 euros e unha subvención de 102.200 euros para o exercicio do ano 2007.

Pola Alcaldía propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación do proxecto e a súa execución baixo o réxime de plurianualidade das obras da Rúa Ramón González conforme ao cadro de execución seguinte:

Exercicio 2007: Investimento total 146.000 euros.

Financiamento: Consellería Industria e Innovación: 102.200 euros.

Financiamento municipal: 43.800 euros.

Exercicio 2008: Investimento total 98.548,01 euros.

Financiamento: municipal a cargo do Presuposto do ano 2008 sen prexuízo de que a actuación se someta a convocatoria de subvencións ou a Convenio coa Consellería de Industria e Innovación.

2º. A aprobación inicial dunha modificación de crédito ou dotación de crédito extraordinario por importe de 43.800 euros con cargo a baixas doutros créditos de gasto de partidas do presuposto vixente, prorrogado, non comprometidas, e sen prexuízo de que se recolla, tamén, con posterioridade no presuposto que se aprobe para este exercicio. Ata a aprobación definitiva da referida modificación a licitación quedará afectada pola condición suspensiva a que se refire o artigo 69 .3 e 4 do TRLCAP.

3º. Adoptar o compromiso de consignación para o presuposto de 2008 do importe de 98.548,01 euros para este investimento.

4º. Fixar como sistema de contratación á vista da necesidade de xustificar o investimento do exercicio do ano 2007 dentro do mesmo, o procedemento negociado por razóns de urxencia e interese público de conformidade coa previsión do artigo 141 do TRLCAP apreciando a imperiosa urxencia que demanda unha pronta execución que non pode lograrse polo procedemento de urxencia a que se refire o artigo 71, e considerando, polo tanto, que se reúnen as circunstancias a que se refire o artigo 141. c, desa norma .

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a licitación correspondente e para a execución de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Polo Pleno municipal, por unanimidade en votación ordinaria, sen promoverse deliberación, acórdase a aprobación da Proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

#### **2007/13/66 ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA.**

#### **DECLARACIÓN DE URXENCIA DE MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UPRI SOBRE PLAN DE RESIDUOS.-**

Intervén o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que fai entrega dun exemplar da Moción e dí que antes de pasar a Rogos e preguntas o seu grupo quere plantexar unha Moción de urxencia. Comeza a intervención do Sr.Rivas Alvarez manifestando que tiñan presentado tres mocións ata agora, e se trouxo a Pleno a dos accesos á Praia de As Catedrais e entenden que é urxente tamén a elaboración dun novo Plano de residuos e un Plan de limpeza viaria, que consideran urxente e queren sometelo á consideración do Pleno e que se lles parece quere explicar a razón pola que se estima se da a urxencia.

Por parte do Sr.Alcalde sinálase que é que esta Moción está presentada dende hai un tempo.

Por parte do portavoz do Grupo Municipal Socialista Sr.Pérez Vacas se pregunta de cando está presentada e se delibera sobre a data toda vez que o documento que se somete ao Pleno trae data de hoxe, se ben se dí que a Moción foi presentada o 24 de agosto de 2007.

Por parte do Sr.Alcalde afirmase que os Alcaldes aos que sucedeu no cargo, que están aquí presentes,optaban por incluír unha Moción , dúas ou ningunha e hai veces que pasaban meses e non se sometía ningunha Moción, e que entende que respecto a esta Moción do Grupo de UPRI que en absoluto, non hai a celeridade nin a urxencia necesaria para nin tan siquera sometelo a consideración do Pleno e aínda porque están traballando neste aspecto e polo tanto considérase que non procede sequera sometelo á consideración neste Pleno e que pode ser noutro.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte contesta que se se leva a outro Pleno ordinario non ten problema en retirala.

O Sr.Alcalde contéstalle en relación a si mesmo que non é unha mala persoa e que vai intentar que todas vaian aos seguintes Plenos.

Pola súa parte o Sr.Rivas Alvarez afirma que cando un fai unha planificación é dende o principio, e máis fácil para chegar aos obxectivos ao final.

O Sr.Alcalde lle contesta que é o que están facendo e que optou por unha Moción que lle pareceu importante á vista do que había e optaron por non meter outra máis, que xa irán a sesión e que non se preocupe.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas que dí que cree que a urxencia hai que votala, mantendo o mesmo criterio o Sr.Rivas Alvarez respondendo o Sr.Alcalde que cree que non.

O Sr.Pérez Vacas manifesta que lle gustaría oír ao Letrado da Corporación , contestando o Sr.Alcalde que o Letrado pode intervir se o Alcalde o autoriza.

O Sr.Pérez Vacas pola súa parte dí que lle parece,e perdoe o Alcalde que insista, que non son as trazas de diálogo que manifestou repetidas veces o Sr.Alcalde de non someter , que cree que se da por primeira vez na historia do Concello a urxencia da Moción e que outra cuestión será o debate e a posterior votación, pero a urxencia que recorde será a primeira vez que ocorre que non se someta, pero gustaríalle solicitarlle ao Sr.Alcalde que recaba a opinión do Letrado Asesor se o estima oportuno.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta ao Sr.Pérez Vacas que cree que incluso na anterior Corporación , o que está falando como portavoz do PSOE, sobre este extremo cree que en ámbitos técnicos nas Oficinas municipais, se ten mirado este extremo con suma delicadeza, sobre todo nos últimos tempos do mandato anterior, ou sexa que xa se dará ou interpretará o que a doutrina e o que a aplicación do Regulamento de Organización comentado e libros de Dereito Administrativo figura que o ten que saber o Sr.Pérez Vacas, porque estaba co actual Alcalde cando o escoitaba.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que non pretende facer polémica co tema e que o Alcalde considera que non procede metelo nin vai a consideralo e non sabe se estes acordos se poden impugnar ou non e que o descoñece.

O Sr.Pérez Vacas volta a intervir decindo que unicamente quere nesta última intervención solicitarlle ao Sr.Alcalde que someta ao Pleno a urxencia desta Moción e nada máis.

O Sr.Alcalde respóstalle que non o estima pertinente, porque non entende os motivos de urxencia , máxime cando hai tres meses que levan recuperando moito traballo perdido , e que hoxe é público e notorio , que poden adoeecer doutras cousas, pero que dentro e fora da Corporación e da Casa do Concello nesta e outras cousas están traballando e non ve esa urxencia , porque reitera que o goberno está traballando.



O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo de UPRI, proponente do asunto pregunta se non se vai someter a votación a urxencia, e o Sr.Alcalde contéstalle que non.

### **2007/14/67.- ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **Rogos e preguntas do Grupo Municipal de UPRI.-**

##### **Rogos e preguntas pendentes da sesión anterior.-**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI preguntase a Alcaldía sobre a situación dos rogos e preguntas presentados polo Grupo de UPRI aceptados do pleno da sesión anterior.

O Sr.Rivas Alvarez en primeiro lugar se refire a se xa se procedeu a arranxar na Avenida de Luarca, e se no Cargadoiro se levaron a cabo as obras sobre as que se formulou o rogo e se xa se vaciou a balsa de lixiviados ou aínda non.

O Sr.Alcalde dí ao Sr.Rivas Alvarez que se é unha pregunta ou un rogo e o Sr.Rivas Alvarez dí que se trata de se se fixo ou non.

O Sr.Alcalde manifesta que contestará a eso na próxima sesión.

O Sr.Rivas Alvarez asimesmo pregunta sobre o estado do vertedoiro incontrolado existente na Estación vella, se segue como está. O Sr.Alcalde dí que é un rogo aceptado e reiterado, e que entende que está retirado. O Sr.Rivas Alvarez reitera a pregunta e o Sr.Alcalde volta contestarlle que entende que sí, pero nembargantes se ten que reiterar e revisar iso e que se non está o cumprirán.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez de seguido pregúntase sobre a rúa Deputación e San Lázaro respecto ao rogo formulado anteriormente, para non meterse nas Navidades, e o Sr.Alcalde contesta que están neso.

Tamén o Sr.Rivas Alvarez fai mención a continuación a varios vertedoiros incontrolados en Ove polos que se intereso una sesión anterior.

De seguido formulanse as preguntas seguintes:

#### **Pregunta relativa ao Polígono Industrial.-**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI se pregunta en qué situación se atopa a tramitación para o inicio das obras do Polígono Industrial,e qué xestións realizou a Alcaldía e con qué resultados?

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que a resposta será no próximo Pleno.

#### **Pregunta relativa a PXOM e PEPRI.-**

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez en qué situación se encontran as negociacións para a presentación ó Pleno do PXOM e PEPRI para proceder a sua aprobación, e se o señor Alcalde pensa chamar a todos os grupos da oposición para tratar de alcanzar un documento de consenso ou polo contrario sólo pensa chamar a un?

O Sr.Alcalde responde que contestará no próximo Pleno pero antes do mesmo se chamará aos Grupos.

#### **Pregunta relativa á Torre dos Moreno.-**

Formula asimesmo a pregunta de si realizóu a Alcaldía algunha xestión para finalizar a rehabilitación da Torre de los Moreno e si tendo en conta que estivo en Ribadeo a Ministra de Educación D<sup>a</sup> Mercedes Cabrera e que se tiña comprometido na campaña electoral a darlle unha solución definitiva?.

Por parte do Sr.Alcalde respóntase que contestará no próximo Pleno e que respecto á Ministra comprometeríase na prensa pero co Alcalde non.

O Sr.Rivas Alvarez refiríndose ao publicado na prensa dí que hai que insistir.

#### **Pregunta relativa ao Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia.-**

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez se realizou algunha xestión a Alcaldía para a recuperación do Xulgado de 1<sup>a</sup> Instancia para Ribadeo, e se solicitou algunha entrevista?

O Sr.Alcalde dí que contestará no próximo Pleno.

#### **Pregunta sobre a situación económica do Concello.-**

De seguido polo Sr.Rivas Alvarez faise referencia a que fai unhos días nos medios de comunicación pedía axuda ós grupos da oposición para superar a crise económica do Concello e pregunta á Alcaldía en qué concretaría esa axuda da oposición para paliar a debida que ten actualmente o Concello?

O Sr.Alcalde responde que nunha serie de medidas encamiñadas a corrixir as desviacións que se levan producindo nestes últimos anos en xeral, e para o cal precisará o apoio dos Grupos.

#### **Preguntas sobre Tráfico e seguridade cidadá:**

Intervén o Sr. Reymondez Gancedo do Grupo Municipal de UPRI que fai constar que quere aclarar que son preguntas baseadas en sumar e non restar, e que alguén se apodera da capacidade da oposición constructiva, últimamente, pero aquí todos veñen a facer oposición constructiva cada un coas súas formas e coñecementos.

Se pregunta por parte do Sr.Concelleiro intervinte de UPRI, se é coñecedora a Alcaldía de la celebración de carreiras ilegais de coches no paseo marítimo.

Por parte do Sr.Alcalde respóntase que non ten coñecemento e reitera a resposta.

Por parte do Sr.Reymondez Gancedo manifestase que parece ser que esto foi xa dito e aclarado verbalmente no Concello, por un veciño fai meses, e non vai a menos senon que agora vai a máis, e que hai veciños e queixas por escrito con nomes e apelidos, e se dí que hai carreiras e ás veces superan os 140 km/hora, e o dí con nomes e apelidos porque hai testigos.

Manifesta que quere facer un rogo sobre esta pregunta e é se se vai a tomar algunha medida pola Alcaldía.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que investigará, por suposto, eso que lle acaba de dicir, que non ten que considerar que lle está contando nada que non sexa certo. O Sr.Reymondez á súa vez dí ao Alcalde que pode presentarlle un escrito dos veciños, ao que contesta o Alcalde que tratará de adoptar as medidas necesarias para suprimir ou polo menos intentar encamiñar eso.

O Sr.Reymondez Gancedo asimesmo dí que non sabe se o problema corresponde a Portos de Galicia, nesa zona, ou se ten o Concello capacidade de resolvelo ou poñer algo, e como o ignora por eso pregunta.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que cree que sí, que no Paseo Marítimo a competencia é municipal.

De seguido o Sr Sr.Reymondez Gancedo de UPRI formula unha nova pregunta de porqué non se realizou o pintado da sinalización horizontal para a época estival, polo menos dos sinais en mal estado e se houbo algún motivo especial.

Por parte do Sr.Alcalde respóstase que sí, porque non o quixeron facer no verán , como se viña facendo últimamente porque o queren facer cando baixe a aglomeración, e porque ademáis prevén cambiar o método para non estar ano tras ano e temporada tras temporada, pintando con pistola , que é algo que queda moi ben, pero vaise pronto, e queren probar un novo sistema que é o que se usa nas estradas habitualmente, que é con pintura de paleta, que é mais caro, e ao mellor non se pode facer todo dunha sola vez, pero que lle parece máis oportuno para evitar as molestias aos usuarios e cara a regulación do tráfico, e que vai quedar ahí.

Por parte do Sr.Reymondez Gancedo formulase o rogo de que cando se realice o pintado se teña en conta a normativa ó respecto, sobre todo no que concerne aos pasos dos peóns, xa que non se cumpre e as liñas son brancas e non doutra cór , e que son so brancas ao parecer.

Igualmente formulase o rogo de que se cambie o lugar do paso de peons existente en Virxe do Camiño que da acceso á Rúa Luz Pozo Garza.

O Sr.Alcalde dí que perfecto e aceptado e que será dos primeiros xa que é un sinsentido.

Tamen se formula o rogo polo Sr.Reymondez Gancedo, de que se substitúan todas as sinais de tráfico en mal estado ou deterioradas polo paso do tempo e mencionada a existente en A Faxarda á beira do antigo Centro de Inseminación Artificial, na Rúa Reinante (a beira da Orden Terceira), un sinal que leva moitos anos e que quere insistir en que isto é constructivo, que ven de anos atrás, e que queren sumar e non restar. ( O Sr.Concelleiro exhibe unhas fotos á Corporación coas sinais a que fai referencia), e dí que é un exemplo e que hai máis.

Manifesta tamén que un sinal de tráfico na Orde Terceira foi rota por un camión últimamente e se podería cambiar.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez e formula asimismo o rogo de que se regule o tráfico entre a gasoleira e o Cuarte da Garda Civil, xa que aparcan dos dous lados e non poden pasar con dous vehículos a vez.

Tamén por parte do Sr.Rivas Alvarez se formula o rogo de que se repare o valado de subida a Atalaia dende Cabanela polo perigo que entraña para as personas que utilizan ese acceso.

O Sr.Alcalde pregunta ao Sr.Concelleiro intervinte que explica o punto concreto a que se está a referir.

#### **Preguntas relativas a Cultura.-**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal UPRI se formula a pregunta de a canto ascendeu o presuposto da Delegación de Cultura para o exercicio de 2006, e desta partida que cantidades se destinou ao persoal, contestándose polo Sr.Alcalde que queda pendente para a próxima sesión.

Formúlase igualmente a pregunta polo mesmo Concelleiro de a canto ascenderon os gastos da programación cultural de verán 2007 desglosado por actuacións e actividades e cal foi a aportación para cada unha delas do Concello , de fondos propios, e cal a das outras Administracions, empresas privadas no seu caso, e en que contía.

Formula tamén a pregunta de a canto ascenderon os gastos de publicidade da programación cultural 2007, e de que canto aportou o Concello para o festival On & Off e canto outros Organismos ou Entidades privadas.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que queda pendente para o próximo Pleno.

#### **Preguntas relativas a obras.-**

Por parte do Sr.Rivas Alvarez formúlase un rogo respecto á existencia dun valado de protección na saída da rotonda de Vilaselán na rúa que accede o Colexio Sagrado Corazón e que piden que se arranxe a causa pola que se atopa alí, e se retire polo perigo que entraña para o tráfico.

Por parte do Sr.Alcalde se contesta que sí que deu instrucións hai dous días á empresa AQUAGEST aínda que non é a culpable porque foron os de FCC os que o deixaron mal, e fai dous días, o sábado, reitera que deu instrución de arranxo.

O Sr.Rivas Alvarez asimesmo se refire a que na zona de Ove foron bastante irresponsables e deixaron unhoa valados e unhos ferros perigosos nas pontes e pode haber reclamacións contra o Concello.

O Sr.Rivas Alvarez formula o rogo de que se arranxe o Campo da Festa de Vilaosende para que non suceda o do presente ano que tiveron que ir os tractores a tirar polos camións das orquestras para poder sacalos.

O Sr. Alcalde contesta que rogo aceptado.

Formúlase tamén o rogo polo Concelleiro Sr.Rivas Alvarez do grupo de UPRI de que por parte da Alcaldía se dirixa escrito a FEVE para que proceda a retira-los postes da línea eléctrica que están en desuso o lado da vía férrea na recta de Reme a Porto na súa marxen dereita polo impacto visual que causan.

O Sr.Alcalde dí que acepta o rogo.

Formúlase asimesmo o rogo de que se dirixa outro escrito a BEGASA para que proceda ó soterramento da línea de alta tensión no mesmo lugar marxe esquerda polas razóns anteriores.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que é mais complicado por parte de BEGASA pero que se intentará.

Formúlase tamén respectos ás obras do Cantón o rogo de que se remate a rampa de acceso desde o Cantón ao parque, e fai referencia o Sr. Concelleiro intervinte a problemas dos minusválidos coa rampa.

Polo Sr.Alcalde contéstase que hoxe precisamente falou coa empresa e en breve virá a rematar esto definitivamente.

Formula asimesmo o Sr.Rivas Alvarez o rogo de que se poña un sinal indicativa da E.O.I. no acceso dende o IES Dionisio Gamallo Fierros, e significa que foi unha petición nunha reunión do Consello Escolar.

O Sr.Alcalde manifesta que acepta o rogo.

Tamén polo Sr.Rivas Alvarez formúlase a pregunta de porqué están paralizadas as obras de Fonte Cabada.

O Sr. Alcalde explica que foi porque había unha cuestión de índole orzamentari e no proxecto non se contaba coa instalación eléctrica e están para resolvelo, que é unha cousa menor.

Formula tamén o Sr. Rivas Alvarez a pregunta de cando se van a reiniciar as obras da Rúa Deputación e San Lázaro, agora xa pasaron as festas, e fai referencia ao descontento dos veciños e a que as farolas instaladas son sinxelas e se consideran as “farolas dos chinos”, e poden ser obxecto de vandalismo.

O Sr. Alcalde contesta que para gustos hai cores, e que non acepta o rogo.

Pregunta tamén de quen é a competencia da limpeza das rotondas de saída e entrada da Autovía, e se é de Fomento, e que se proceda á súa limpeza e adecentamento por quen corresponda.

O Sr. Alcalde contesta que rogo aceptado, pero que fai dous ou tres días estaban limpando.

Igualmente roga que se envíe escrito pola Alcaldía para que por parte do Centro Comercial Eroski se proceda a limpeza dos accesos sobretudo o de saída, respóstándose pola Alcaldía que xa se fixo máis veces.

#### **Rogos e Preguntas en materia de Medio Ambiente.-**

Por parte do Sr. Rivas Alvarez se pregunta se cumpre o Concello a Ordenanza de Protección Medioambiental en concreto o seu Título VI e en particular o Art. 71 e formula o rogo de que se cumpra e se faga cumprir, facendo referencia á pegada de carteis e a dar exemplo na propia casa, e que todo o mundo pega donde quere.

Formula asimesmo outra pregunta relativa a si presentou a Policía Local algunha denuncia pola situación de maleza e abandono na que se atopan algunhas fincas do Casco Urban.

Por parte do Sr. Alcalde respóstase que están niso e fai mención de varios casos.

En relación ás preguntas de qué horario de apertura tivo a Casa da Ría durante o verán e que horario vai ter durante o curso escolar, o Sr. Alcalde contesta que o descoñece.

Formula unha nova pregunta o Sr. Rivas Alvarez do Grupo UPRI respecto a si se enviou algunha carta os Centros de ensino da zona de influencia para dala a coñecer e que poidan visitala ao longo do Curso Escolar, e menciona que está recibindo de moitos sitios.

Por parte do Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente se contesta que non hai cartos para nada, e o Sr. Rivas Alvarez dí que é mandar unha carta.

Pola Sra. Concelleira Delegada se fai referencia que se envía información das actividades a todos os Centros.

Formúlase asimesmo a pregunta de si ten pensado o equipo de Goberno elaborar un PEC para a Casa da Ría, así como se se van a celebrar este ano as XII Xornadas Ambientais. Respecto a primeira contestase polo Sr. Alcalde que teñen moitas ideas pero levan tres meses, respóstándose á segunda polo Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que non.

Formúlase outra pregunta respecto a que fai máis dun mes que se anunciou polo Alcalde e o Concelleiro-Delegado a recollida de cartón porta a porta. ¿Cómo se vai articular? ¿Quen vai financiar a recollida? ¿Cánto nos vai costar os ribadenses? ¿Vaise subi-lo recibo do lixo para sufraga-lo gasto?

Por parte do Sr.Cupeiro Rodriguez manifestase que se contestará na próxima sesión.

Faise unha nova pregunta por parte do Sr.Rivas Alvarez respecto a donde foron as papeleiras da R/ Rosalía de Castro e se formulada o rogo que se repoñan ou se coloquen unhas novas.

Por parte do Sr.Alcalde contéstase que se está neso.

Formula tamén o Sr.Rivas Alvarez o rogo de que se proceda a limpeza do observatorio de aves da Ría e do seu entorno que está cheo de maleza.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodriguez e do Sr.Alcalde se contesta que aínda teñen unha multa pendente de 600 euros ,da Xunta de Galicia por desbrozar , e que está solicitado pero esa multa foi causada porque unhos traballadores na etapa entre gobernos municipais limparon e Medio Ambiente os denunciou, e que dende o 16 de xullo está solicitado permiso.

Formula tamén o rogo o Sr.Rivas Alvarez relativo á existencia dun contenedor azul na esquina da piscina municipal, que se está utilizando para RSU , dos primeiros, para que se substitúa por un verde e se coloque un dos existentes para cartón que están no Punto Limpo, para que a xente non se confunda.

Formúlase asimesmo os rogos de que se proceda a adecenter o entorno do Albergue de peregrinos así como o seto que o separa da área recreativa do cargadoiro, e de que se repare o Parque Infantil do Cargadoiro (reparación e pintado de columpios e elementos de xogo), afectados polo óxido do mar.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez fomúlase as seguintes preguntas: Cantos postos ten o mercado semanal e cal é a recadación actual mensual e anualmente, e formula o rogo de que se proceda a delimitar os postos coa sinalización horizontal.

Por parte do Sr.Alcalde se manifesta que contestará noutra sesión ás preguntas e respecto ao rogo que terá que estudialo a tenor das obras efectuadas na rúa Doctor Moreda, que non vai pintala.

Igualmente se formula a pregunta relativa a cál é o número de contenedores de vidro que ten o Concello na actualidade e a súa ubicación. O Sr.Cupeiro Rodriguez contéstase Ó Sr.Rivas Alvarez que non sabe o número exacto, pero que se está preocupando porque haxa contenedores de sobra. Toda vez que o Sr.Rivas Alvarez fai referencia a que non se trata diso senon que ás veces rebosan, por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez se contesta que dende o Concello non son os responsables de ECOVIDRIO , e que se quere facer demagogia diso, pero que pode estar enriba da empresa o Concelleiro Delegado, da que ten que facer a recollida, e lóxicamente se está a disposición de que veña facela ou non, pero lóxicamente tamén ECOVIDRIO está enriba deles e cando hai unha afluencia de vidro tan grande os contenedores non dan abasto, e algúns cidadáns non fan as cousas axeitadamente, a maioría das veces sí, pero outras non e deixan todo alí tirado e non teñen donde metelo e vai haber contenedores de inmediato e non van ter ese problema nun curto prazo de tempo.

Prosegue sinalando o Sr. Cupeiro Rodriguez, que están traballando e a pesar destas cousas que lles dí o Sr. Rivas Alvarez, xa as coñecen de sobra e non son tan tontos para non saber as necesidades do Concello agora mesmo, pero que están en marcha e lóxicamente as cousas non se fan en dous días.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que se houbera máis podería ponerse ao mellor, nesa zona, e o Sr.Cupeiro Rodriguez lle contesta que tamén podería encherse todo Ribadeo de contenedores

e fai referencia ao impacto dos mesmos que pode crearse, e que unha cousa é que sexan necesarios e outra é pasarse.

O Sr.Cupeiro Rodriguez asimesmo dí que van a ter un Plan e non fai falta que o diga o Sr.Rivas Alvarez que á súa vez responde que xa o fixo unha vez.

Respecto á pregunta que formula o mesmo Concelleiro Sr.Rivas Alvarez de cal é o número de contenedores de papel e cartón que ten o Concello na actualidade e a súa ubicación? ¿cuántos están no Punto Limpo? O Sr. Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente dí que lle contestará o próximo día, que sí o sabe, pero aquí de memoria non, que non viña preparado para poderlle contestar.

#### **Rogo sobre actos municipais.-**

Asimesmo o Sr.Rivas Alvarez fai referencia a que hoxe, veu a unha reunión que ía celebrarse esta mañá e a que o pasado día 11 de agosto inaugurouse unha estatua de Clara de Asís, no parque que está no Convento das Clarisas e pregunta porqué non se lles trasladou a invitación que fixo a Abadesa para a Corporación, e pide que non volva a pasar e fai referencia a que hoxe mesmo había convocada unha reunión da Comisión de seguimento do Centro Comercial Aberto de Ribadeo para as 11:00 h.á que debería asistir como representante que é dos grupos da oposición e cal é a súa sorpresa que se desconvocou.

Contesta o Sr.Alcalde que cando recibe unha invitación ordea facer fotocopias e a pasa a todos os membros da Corporación.

#### **Rogo sobre coche abandonado.-**

O Sr.Rivas Alvarez manifesta tamén que existe un coche no calexón de Picarolas enfrente aos antigos Garaxes Parga, que segundo os veciños leva alí máis dun mes e parece estar abandonado e entorpece a circulación, rogando se solucione esta situación e pide que se mire, que está antes da entrada á Balastrera, e que o miren.

Por parte do Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista, a preguntas da Alcaldía manifesta que non vai formular rogos nin preguntas.

#### **Rogos do Concelleiro Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular.-**

Intervén a continuación o Sr.Duarte Diaz, do Grupo Municipal Popular, que dí que quere ser positivo tamén e que algunhas cuestións son dende fai tempo que non é asumible por esta Alcaldía, pero sí por os dous que gobernaban antes ( en referencia ao actual Alcalde e ao exAlcalde da anterior Corporación ) e que a primeira é que dende fai tempo no Campín de Sela non hai luminarias, que se sacaron os postes, e pregunta que sucede, e sinala que se lle chama o túnel do medo.

Por parte do Sr.Alcalde se resposta que se vai facer o proxecto do xardín do Indiano e o Sr.Pérez Vacas incidentalmente dí que xa perdeu as eleccións.

O Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular pasa de seguido a manifestar que recibiu unha queixa de que na Avda. de Galicia na beirarrúa onde remata Alimerka hai material de obra que interrompe o paso, e tamén fai mención a unha papeleira abandonada e que ao mellor non é asumible o feito pola Alcaldía actual senon que foi a do Sr.Perez Vacas,pero como non acaban de chegar as de Rosalía de Castro e hai unha tirada dende fai moito tempo ahí pide que se recolla xa que foi un gasto que fixo o Concello, e que xa llo explicará logo.

O Sr.Duarte Díaz asimesmo dicindo que o sinte na alma, fai mención a que na obra de Os Molineros lóxicamente fan a descarga de escombros, dende un 7º piso e se tira escombros aos

contenedores , pero se produce pó , e deberían utilizar unha pequena manguera para remollalo cando se trata de pó e evitar o mesmo , e sabe que os veciños están molestos coa situación.

Prosegue sinalando o Sr.Duarte Diaz que non quere que o Concello pague indemnizacións a veciños e polo camino que se leva van ter que pagalas e fai referencia a que na rúa en que reside (Calvo Sotelo) hai unha boca de rego que estaba tomada con cemento, e reventou o cemento e houbo varios tropezos de persoas e se algún cae e ten danos corporais paga o Concello , e isto é despois do Taller de Maseda, que non é culpa de ninguén senon do abandono , que se resolve recheando con cemento, e que ten a ventaxa de vivir nunha rúa donde hai problemas.

Conclúe a súa intervención o Sr.Duarte Díaz que todo o resto que podería dicir sería negativo , e que non quere dicilo.

Sendo as vinteunha horas e trinta minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión extendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,